



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 215

Volume XLIII

novembro-decembro 2019



<b>Guieiro</b> por Pedro Castelao	3
<b>Poesía</b> <b>Na Catedral</b> por Rosalía de Castro	5
<b>Foro Encrucillada</b> <b>Presentación do Foro Encrucillada</b> por Luís Rodríguez Álvarez	8
<b>Estudos</b> <b>O Pórtico da Gloria na súa historia</b> por Xesús Portas Ferro	11
<b>O Pórtico da Gloria na encrucillada da arte: Santiago <i>psicopompos</i> e as portas do Alén</b> por Manuel Antonio Castiñeiras González	41
<b>O Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Unha nova mirada teolóxica no século XXI</b> por Carmen Yebra Rovira	63
<b>Achega</b> <b>Dositeo López Pardo (1899-1934), un case descoñecido xesuíta galego mártir en China. Algunhas notas biográficas</b> por Manuel Cabada Castro	77
<b>In memóriam</b> <b>A Donato, mestre! Mestre da fe, mestre da palabra, mestre da amizade</b> por Mari Carmen Taboada Iglesias / Julio López Regueiro	92



### **Fiesta aberta**

**Fagamos Igrexa Galega**

por Marisa Vidal Collazo 95

### **Crónica**

**Carta desde a banda da esperanza**

por Manuel Regal Ledo 100

### **Recensión**

*El vino de mi lagar. Poemario de la Buena Nueva*

por Ramón Cao 114

### **Índice xeral do ano 2019**

por Manuel García Villasenín 117

### **Ilustración**

por Soedade Pite 93



A Catedral de Santiago de Compostela é unha xoia inigualable do patrimonio mundial da humanidade. Foi comezada no ano 1075, sendo rei de Galicia, León e Castela, Alfonso VI e sendo bispo de Compostela, Diego Peláez.

Nela destaca, entre outras moitas marabillas, o Pórtico da Gloria. Construído «desde os alicerces» –como reza o propio lintel do pórtico– polo Mestre Mateo foi inicialmente coñecido como o Pórtico da Trindade.

O xenio inigualable do seu construtor logrou aquí unha audacia insuperable: expresar en pedra, a ollos vista de todo aquel que o contemplase, o carácter central dun Cristo glorioso que, cos instrumentos da paixón ao alcance da man e circundado polos evanxelistas tetramorfos, atópase rodeado, nun gran arco de medio punto, polos vinte e catro anciáns da Apocalipse, que afinan os seus instrumentos, mentres conversan, acollendo baixo a súa protección ás almas dos santos que, a ambos os dous lados de Cristo, prefiguran a Igrexa celestial.

Debaixo de Xesucristo, no parteluz do pórtico e sobre a columna marmórea modelada como o tronco de Xesé, Mateo representou, sedente e co báculo en tau –propio dos bispos de Compostela– ao apóstolo Santiago, a aquel que recibe aos cansos e magoados peregrinos e preséntaos, como un anfitrión solícito fai cos seus hóspedes, ante a maxestade dun resucitado nimbado de música, beleza, harmonía e cor.

A policromía orixinal, que o tempo e as humidades escureceran, recuperou parte do seu primeiro fulgor grazas a un recente proceso de curiosísima restauración.

Véndoo hoxe no seu recuperado estado actual é posible imaxinar cal non sería a impresión dos camiñantes medievais, ao lograren o seu destino na Galicia do momento e ao poderen visualizar directamente, non só o final terreo da súa peregrinación, senón tamén o final definitivo da consumación dos tempos. Alcanzando a Igrexa de Santiago e mirando a Fisterra alcanzaban tamén a visión gloriosa do Deus trino, representado no capitel do mainel, como un

Pai que ten no seu colo a un Fillo infante, pero cos brazos en cruz, aureolados ambos por unha representación do Espírito en forma de pomba.

O Pórtico da Gloria, como teoloxía pétreo que é, sitúa ao apóstolo Santiago sinalando o horizonte escatolóxico dun camiño de salvación e dunha cristiandade que, tendo en Xerusalén o seu inicio e en Roma o seu centro, ten en Compostela o seu final definitivo.

O 19 de outubro de 2019, na cidade do Apóstolo, tivo lugar o noso XXXIV Foro sobre o Pórtico da Gloria desde tres perspectivas complementarias: a historia, a arte e a teoloxía. Da historia encargouse Xesús Portas Ferro. Da arte Manuel Antonio Castiñeiras González. E da teoloxía, Carme Yebra Rovira. O Foro foi introducido por Luís Rodríguez Álvarez cun texto que tamén, xunto cos tres relatorios, poñemos na man do lector.

Tamén publicamos neste número un artigo de Manuel Cabada Castro sobre Dositeo López, un in memórium sobre Donato Dosil, así coma un documento de Marisa Vidal Collazo sobre a Igrexa Galega, xunto con unha recensión de Ramón Cao, unha ilustración de Soedade Pite e a obrigada crónica eclesial de Manolo Regal.



**Pedro Castelao**